

CARBALLO AMAL 21 EN RUTA

Do 30 de abril ao 28 de maio
PAZO DA CULTURA

Catro anos cúmprense dende que Amal comezou a súa andaina pola capital bergantiñá. Acudimos puntuais á nosa cita anual sen esquecer a dura realidade que estamos vivindo, unha situación xamais imaxinada e que nos obrigou a todos e todas a cuestionarnos as nosas prioridades, expectativas e, en definitiva, o rumbo cara a onde dirixiamos as nosas vidas.

Durante este período a cultura converteuse en sinónimo de liberdade, de soños e de esperanza, pero tamén de reivindicación dun medio de traballo digno e honesto. Porque son tempos de remar con forza para levar este barco a bo porto, son tempos da #CulturaconForza.

GHALEB JABER MARTÍNEZ



VENRES 30 DE ABRIL | 20:00
PAZO DA CULTURA



ADAM (FIC)

MARYAM TOUZANI | 2019 | MARROCOS | 98'



Abla rexenta unha pastelería na súa propia vivenda en Casablanca, onde vive con Warda, a súa filla de 8 anos. A súa rutina, marcada polo traballo na pastelería e os labores domésticos, vese interrompida cando unha moza embarazada chama á súa porta en busca de emprego e teito.

Directora, guionista e actriz, pasou a infancia na súa Tánxer natal antes de mudarse a Londres para cursar os estudos de xornalismo. Traballou como xornalista cultural especializándose no cinema do Magreb.

VENRES 14 DE MAIO | 20:00
PAZO DA CULTURA



GAZA (DOC)

GARRY KEANE, ANDREW MCCONNELL | 2019 | IRLANDA | 92'



Retrato da vida cotiá dos cidadáns e cidadás de Gaza que continúan as súas vidas a pesar de estar no epicentro do conflito.

Garry traballou como director de fotografía en Nova York e Londres.

Andrew, fotógrafo galardoado, traballou en temas como a crise dos refuxiados sirios, o pobo saharauí do Sahara Occidental, polo que obtivo o "World Press Photo Awards".

VENRES 7 DE MAIO | 20:00
PAZO DA CULTURA



THE CAVE (DOC)

FERAS FAYYAD | 2019 | SIRIA | 95'



Nun hospital subterráneo de Ghouta (Siria), un grupo de doutoras traballa ao límite para curar ás persoas feridas mentres se teñen que enfrentar ao sexismo endémico da sociedade na que viven.

Director de cine, produtor, escritor sirio coñecido polo seu documental 'Last Men in Aleppo' que lle valeu o recoñecemento da crítica e numerosos premios e nominacións, incluído o Óscar ao mellor documental

VENRES 21 DE MAIO | 20:00
PAZO DA CULTURA



IT MUST BE HEAVEN (FIC)

ELIA SULEIMAN | 2019 | PALESTINA | 97'



O director Elia Suleiman, debido á nostalxia, viaxa por diferentes cidades do mundo buscando similitudes coa súa terra natal, Palestina. No proceso de atopar un novo fogar, Suleiman dáse conta de que Palestina parece perseguirle alá onde vai. A esperanza dun novo comezo termina converténdose nunha comedia chea de erros.

Nado en Nazareth, Suleiman viviu en Nova York entre 1981 e 1993. Durante este período, dirixiu as súas dúas primeiras curtas coas que gañou numerosos premios. É un dos cineastas palestinos de referencia.